

VIERNES, 26 de enero de 2007

PSICOFONÍAS | LUCES

Literatura en acción

ANTÓN REIXA | 26 ENE 2007

Archivado en: [Literatura](#) [Cultura](#)

Se cadra, unha das épocas máis felices da poesía europea foi a época medieval, en concreto, a fase trobadoresca cunha especial relevancia en Galicia e Portugal. A poesía estaba vinculada á música e á filosofía pero, sobre todo, ao ocio. Logo veu Petrarca e a poesía se converteu nun xénero libresco. Invoco esta tradición para manifestar o meu entusiasmo pola palabra en acción e en escena como se pode ver estes días na magnífica exposición Palabras contadas, do escritor Camilo Franco, que se acaba de inaugurar na Fundación Luis Seoane, n'A Coruña.

Camilo ambla os seus textos, un intelixente exercicio de contundente literatura breve, para obrigranos a deles no contexto dunhas instalacións que nos envolven directamente na idea forza de cada un deles. Por exemplo, un cuarto para evocar unha infancia de febre e absentismo escolar ou un tendal para referenciar a pobreza. Hai posta en escena, pero esa mesma escenografía conleva sen remedio a lectura. Velaí a audacia dunha proposta que utilizando unha linguaxe que xa é habitual nos artistas plásticos mantén aquí o xenuíno do escritor e da literatura.

Na literatura galega actual hai excepcionais exemplos destas prácticas. Lembro algunhas actuacións de Manuel Rivas, sei que algo anda facendo coa imaxe Yolanda Castaño, nesa liña traballou o colectivo Ronseltz e Carlos Santiago vinculados á Sala Nasa e atreveríame a incluír aí, humildemente, o que fixemos desde o grupo Rompente e eu tratei de continuar individualmente. Colaborar na fuga das palabras dos libros é un acto libertario e para nada unha modernidade senón a restitución e actualización da mellor tradición poética. Se Martin Codax vivise hoxe tería un grupo de hip hop.